



Moción Bríxida Quintáns

Exposición de motivos

Ás veces o único que queda das persoas é o seu recordo. Isto é o que acontece con Bríxida Quintáns, da que apenas hai rastro nin familia á que pedir referencias.

Mais o que si é certo é que o seu espírito está máis vivo ca nunca. Mineira e cenetista en San Finx, foi represaliada a partir do comezo da Guerra Civil sen poder exercer o seu traballo na mina de novo. Incluso a subiron nun par de ocasións aos camións que ían ao pelotón de fusilamento en Boisaca, sendo salvada en última instancia. O ostracismo do que foi vítima sumiuna a ela e aos seus fillos, froito do amor libre, a unha pobreza extrema, da que xa nunca saíu.

Bríxida Quintáns é un exemplo de muller forte, valerosa e libre, á que as circunstancias adversas non a fixeron doblegarse nin perder a dignidade. Representa a todas as que viven nas condicións máis difíciles e que logran saír adiante. E ela fíxoo nunha época na que as mulleres eran totalmente invisibles, máis os seus actos debían ser transparentes.

Bríxida Quintáns, a muller á que se lle recorda por facer un traballo de homes, por vivir o amor coma os homes e por ter a dignidade que se lle presumía os homes, merece ser recoñecida pola vila que a denostou, ser visibilizada por quen a quixo facer invisible, ser posta en valor polo feito de facer a súa vida con toda (aínda que pouca) a liberdade da que puido dispor.

Bríxida Quintáns representa o espírito das mulleres que construíron esta vila coas súas mans, de aí a que deba ser recoñecida por todas nos.

Estamos no momento das mulleres, no que por fin vemos que a igualdade é algo máis que unha palabra nun debate ou un epígrafe nun programa electoral. Compoñemos a metade da poboación, e como tal, debemos estar presentes en todos os ámbitos, incluído o mapa urbano, reflexo diario da nosa exclusión histórica. Polo tanto:

Solicitamos á corporación municipal de Noia:

Cambiar o nome do Malecón de San Lázaro a Brixida Quintáns e a súa memoria.